



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. No Servizo Galego de Saúde os postos de xefatura de servizo ou unidade de atención primaria de licenciados sanitarios que non requiran dedicación exclusiva ás funcións de xefatura, proveranse mediante:

- A) Libre designación.
- B) Avaliación colexiada.
- C) Concurso específico.
- D) Oposición.

2. Sinale cal das seguintes NON é unha resposta correcta en relación coa selección do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) A selección efectuarase con carácter xeral polo procedemento de concurso–oposición.
- B) A selección poderá realizarse a través do sistema de oposición cando este resulte máis adecuado en función das características socio–profesionais do colectivo que poida acceder ás probas ou das funcións ás que estea chamado a desenvolver.
- C) A selección efectuarase a través de oferta pública de emprego, que será publicada no Diario Oficial de Galicia, así como no Boletín Oficial do Estado.
- D) Cando as particularidades específicas a desenvolver ou o nivel de cualificación requirido o aconsellen, a selección poderá realizarse polo sistema de concurso.

3. O artigo 20 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, determina que se conservarán indefinidamente:

- A) Os informes de alta.
- B) As follas de consentimento informado.
- C) Os informes de anestesia.
- D) Todas as respostas son correctas.

4. O Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado por:

- A) Lei orgánica.
- B) Lei ordinaria.
- C) Real decreto legislativo.
- D) Decreto.

5. De conformidade co artigo 79 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal das seguintes materias relativas a este persoal NON require ser obxecto de negociación:

- A) Toda decisión do servizo de saúde que afecte as súas potestades de organización.
- B) Os plans de ordenación de recursos humanos.
- C) O réxime de descansos.
- D) Materias relativas á prevención de riscos laborais.

6. O Sistema Público de Saúde de Galicia ordénase territorialmente en:

- A) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- B) Áreas sanitarias, departamentos sanitarios e zonas sanitarias.
- C) Áreas sanitarias e zonas sanitarias.
- D) Áreas sanitarias, departamentos sanitarios e distritos sanitarios.

7. Indique cal das seguintes NON é unha área sanitaria do Servizo Galego de Saúde:

- A) Área sanitaria de Vigo.
- B) Área Sanitaria de Verín e Monforte de Lemos.
- C) Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- D) Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

8. De acordo co artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, é función do Parlamento de Galicia:

- A) Ditar reais decretos legislativos.
- B) Exercer a potestade legislativa da Comunidade Autónoma.
- C) Resolver recursos de amparo en materia de competencia da Comunidade Autónoma.
- D) Resolver recursos de inconstitucionalidade en materias reservadas a lei orgánica.

9. O artigo 12 da lei xeral de sanidade sinala que os poderes públicos orientarán as súas políticas de gasto sanitario en orde a:

- A) Corrixir desigualdades sanitarias e garantir a igualdade de acceso aos servizos sanitarios públicos en todo o territorio do Estado.
- B) Corrixir desigualdades sanitarias e garantir a igualdade de acceso aos servizos sanitarios públicos en todo o territorio español que teña transferidas as competencias sanitarias.
- C) Corrixir desigualdades sanitarias e garantir a igualdade de acceso aos servizos sanitarios públicos aos cidadáns de nacionalidade española.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

10. Conforme ao artigo 6 da lei xeral de sanidade, as actuacións das administracións públicas estarán orientadas a:

- A) Promover o interese pola saúde mediante a adecuada educación sanitaria de determinados segmentos da poboación.
- B) Garantir que cantas accións sanitarias se desenvólvan, estean dirixidas á curación da enfermidade e, subsidiariamente, á prevención da mesma.
- C) Garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde.
- D) Promover as accións necesarias para fomentar as políticas de integración social.

1. En relación coa Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, sinala a resposta incorrecta sobre o acceso á documentación da historia clínica:

- A) Nos supostos de procedementos administrativos de esixencia de responsabilidade patrimonial ou denuncias previas á formalización dun litixio sobre asistencia sanitaria, permitírase que o paciente teña acceso directo á historia clínica.
- B) O acceso á historia clínica con fins xudiciais obriga a preservar os datos de identificación persoal do paciente, separados dos de carácter clínico–asistencial, de modo que como regra xeral quede asegurado o anonimato.
- C) O dereito de acceso do paciente á documentación da historia clínica non pode exercitarse en prexuízo do dereito de terceiras persoas á confidencialidade dos datos que constan nela recolleitos en interese terapéutico do paciente.
- D) O persoal sanitario debidamente acreditado que exerza funcións de inspección ten acceso ás historias clínicas, previa autorización do profesional médico designado polo paciente para ese efecto.

2. De acordo co artigo 17 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, indique cal dos seguintes é un dereito do persoal estatutario:

- A) Promoción interna.
- B) Mobilidade voluntaria.
- C) Desenvolvemento profesional.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

